

# **ANTÓN MOUZO**

Do 18 de febreiro ao 31 de maio de 2009  
Sala Isaac Díaz Pardo. Auditorio de Galicia

O Auditorio de Galicia expón unha importante selección da obra do artista Antón Mouzo (Vimianzo, 1957 - A Coruña, 2007). Trátase da primeira retrospectiva en Galiza dun artista significativo que desenvolve diferentes liñas de traballo a través, esencialmente, da pintura, e que toma como tema principal a representación da natureza para conformar un particular universo, que tivo en todo momento constantes referencias a Vimianzo, a vila na que naceu.

De formación autodidacta e un gran coñecedor da historia da arte, a súa obra reflicte unha fonda influencia da arte galega, dende o románico aos renovadores, sen esquecer outras formulacións internacionais como Hockney ou Bacon, aos que admiraba. Sorpréndenos cunha obra na que se detecta o espírito dun creador inqueda que explora continuamente e que se expresa por medio de diferentes poéticas, como o pop, o neoexpresionismo, a figuración, a abstracción ou a fotografía, sen esquecer tampouco o uso das novas tecnoloxías.

María Pose, comisaria da mostra, en estreita colaboración coa familia e os amigos, cuxa implicación foi esencial, reuniu para esta mostra obras inéditas provenientes, na súa maior parte, dos arquivos do artista e dos fondos do seu estudio. Esta escolma permítenos coñecer e gozar dun número importante de óleos, debuxos, anotacións, ilustracións, videoinstalacións e diversas series de pinturas, como as que o cineasta Xavier Villaverde utilizara no filme "Fisterra".

O obxectivo desta mostra é propiciar o achegamento á produción artística de Mouzo e á súa personalidade a través das obras expostas e das recollidas nesta publicación. Son fundamentais as achegas teóricas dos escritos nos que colaboraron Antón Castro, Luís Rei, Manolo Rivas, Xosé Manuel Villanueva e Xavier Villaverde, amigos que formaron parte do universo máis íntimo/artístico de Mouzo e que se involucraron de xeito determinante no impulso inicial deste proxecto, homenaxe a un creador relevante.

O noso recoñecemento á comisaria polo labor desenvolvido e á familia por permitir achegármonos ao artista e á súa obra.

Socorro García Conde  
Tenenta de Alcalde, concelleira de Cultura  
e Centros Socioculturais

## Antón Mouzo ou o alquimista

María Pose

Cando invadín o obradoiro de Antón Mouzo para coñecer de preto a súa produción, houbo un pequeno cadro que, a primeira vista, me chamou poderosamente a atención. Non é, nun principio, especialmente significativo, sobre todo observado ao lado doutros que se atopaban no estudio, nin polas súas dimensións nin polo motivo representado. Pero destacaba no seu contexto, xa que estaba colocado no alto da parede do cuarto que Mouzo destinaba a gardar os compoñentes cos que elaboraba os seus propios materiais de traballo. O cuarto mesmo parecía unha instalación, con milleiros de botes nos estantes, pigmentos a granel e diferentes útiles, dende coadores cos que elaboraba o papel até conchas do mar, restos de afiar os lapis, area, todos clasificados e ordenados, case coma nunha biblioteca. Se entraban unhas raiolas de sol pola ventá, o branco dos azulexos reflectía o azul intenso desa pequena obra, sen datar, que representa unha caixa de ferramentas medio aberta. Paréceme que esta caixa, tanto polo tema coma polo lugar que ocupaba no obradoiro, resume algunhas das claves coas que abordar a obra do artista: representa un obxecto que se refire ao propio traballo, e formalmente posúe un interior no que Mouzo garda os seus instrumentos. Por ser un contedor, ten un espazo interno ao que non podemos acceder, só se nos mostra a medias, insinuado. A caixa custodia moitos dos seus segredos; o obxecto convértese así no límite que establece á hora de desvelarse. Fálanos tamén dunha vontade de establecer relacións entre a obra e o espazo no que se sitúa, de maneira que a lectura do cadro se completa co exterior.

Ese carácter íntimo e misterioso –algo que xa destacou Luís Rei no texto publicado no catálogo dunha das súas últimas exposicións– está sempre presente: os interiores, os espazos contedores que non se nos amosan, os obxectos aparentemente banais. A través do representado, o propio traballo convértese nunha reflexión do artista sobre si mesmo, e comezar por esta obra é só unha das múltiples maneiras de abordar as súas múltiples facetas.

Cando Mouzo se refería á actitude que debiamos adoptar á hora de achegarnos aos seus cadros, requiría pola nosa parte –a do espectador– unha mirada atenta, unha verdadeira contemplación que non se pode quedar na peza concreta. O conxunto da produción constrúese como un discurso continuo, e precisa dunha observación detida tanto para enfrontarse a cada obra particular coma para comprendela na súa totalidade; do contrario, un corre o risco de perderse entre a diversidade de formulacións plásticas e a multitude de liñas de traballo simultáneas que desenvolven, superpoñéndose no tempo, saltando dun lugar a outro. O significado non está ao alcance dunha ollada superficial, non abarcaría o abano de historias que se nos contan, porque a obra de Mouzo non se caracteriza pola inmediatez. “O meu estilo é non ter estilo algún” ou “gustaríame ser moitos homes” son palabras que aparecen

nas súas anotacións e que falan dun desexo de, en certo modo, permanecer oculto por medio da diversificación. Antón Mouzo (Vimianzo, 1957) pintaba dende que era neno. Pasou a súa infancia e xuventude entre a vila natal e a cidade da Coruña estudando no colexio dos maristas, onde coincidiu con amigos como Xavier Villaverde ou Xosé Manuel Villanueva, compañeiros que dende nenos tiveron unha clara vocación artística e cos que Mouzo puido compartir moitas das súas inquedanzas. De seguro que o ambiente do que se rodeou axudou nesa vontade de seguir adiante nas cuestións da creación, xa que logo o círculo se ampliaría incluíndo moitos dos artistas que despois destacaron como autores sobresaíntes do núcleo artístico da Coruña nos anos oitenta.

Os seus pais rexentaban o bazar de Vimianzo, onde se vendía de todo. Ademais de traballar no bazar, o pai do artista era o encargado de mantemento da única antena que mandaba o sinal de televisión a toda a vila. Cando fallaba –sobre todo os días nos que había partido–, o teléfono da casa soaba, o pai calzaba as botas e subía ao cumio do monte a reparar o repetidor. Acompañábano os fillos. Ante a imposibilidade de acceder á Facultade de Belas Artes por cuestións de decisións familiares, pasou exactamente dous días na Escola de Artes e Oficios, e uns meses estudando delineación en Mestría Industrial. Insatisfeito con esta experiencia, terá que incorporarse ao traballo na sucursal dun banco da vila. Era o ano 1973, e Antón Mouzo seguía pintando.

A pesar de ser un membro dinámico na súa xeración e de participar en numerosas iniciativas colectivas, posuía un forte concepto da intimidade creativa: concibía a pintura como un ritual na soidade. Pero este feito non foi un impedimento para que tomase parte en numerosas mostras colectivas, como *Revisión dunha década* ou *Diálogos co silencio*. Mostrou a súa obra nas principais galerías da época e ilustrou publicacións en revistas e libros. Tivo tamén un importante papel dentro da VEGAP e colaborou con asociacións defensoras da natureza.

A heterodoxia que presenta a súa obra ten como punto de partida a súa formación autodidacta: aprendeu a base de traballo, observación e coñecemento da historia da arte; dende esa base será a constancia a que o leve a dar enseguida cos recursos suficientes para, á fin, desenvolver unha carreira artística que se estenderá até a data da súa morte, no ano 2007. Cos anos, deulle forma a un corpo de obra rico e complexo no que o desenvolvemento das diferentes etapas presenta certas características que o fan único. A partir dos anos oitenta é doado atopar obras sen data, o que dificulta ás veces seguir un discurso que non se caracteriza pola linealidade, senón polo seu carácter sincrónico. Insisto neste feito porque a maioría dos temas e as diversas linguaxes plásticas que van aparecendo na pintura de Mouzo teñen a súa orixe en formulacións remotas pero recorrentes, que acadan nun momento dado a importancia suficiente como para materializarse nunha serie ou obra concreta que se pode tomar como formalización definitiva. Este proceso obsérvase sobre todo se se poñen en paralelo bosquexos, pequenas series de debuxos e lenzos; o protagonismo acadado por certo tema ou estilo depende dalgún modo do que o artista nos queira comunicar. Este tipo de estratexias relaciónanse co carácter

experimental que guiou a Mouzo como artista dende as primeiras etapas da súa aprendizaxe. Os cadros estaban sempre en proceso de construción, transformábaseos..., aparece o carácter de algo en continua construción.

Este carácter de non-linealidade faise común tanto aos temas tratados como á técnica utilizada. A heteroxeneidade que nun principio presenta a linguaxe do artista –evitaremos falar de estilo, xa que el afirmaba non telo– lévase, como xa dixemos, ao conxunto da produción. Esta maneira de traballar é un fundamento que define o propio procedemento creativo. Retoma obras anteriores, cambia elementos, oculta, transforma imaxes preexistentes. Xoga coa historia e co tempo, deixa repousar, destrúe e reconstrúe.

Era un gran coñecedor da historia da arte; a súa obra está chea de influencias tomadas dun abano de estilos tan variados que resultaría interminábel nomealos en cada caso; dende a pintura matérica ao minimalismo dos cadros de Lucio Fontana, pasando pola *joie de vivre* de Matisse, por Jasper Johns ou Odilon Redon e incluso Duchamp. Alquimia coas referencias, que aparecen e desaparecen; o apropiacionismo permítelle utilizalos como medios de expresión, como elementos de construción que moitas veces quedan nun exemplo concreto.

Nun texto publicado con motivo da exposición *Contactos*, na que participou en 1987, describe o seu método de traballo afirmando que “o pintor usa imaxes que xa existen para transformalas, (...) e esas transformacións vanse sumando e multiplicando coma nun xogo alquímico que, como a alquimia, busca un fin inalcanzábel: é dicir, un pretexto. Importa moito menos o fin que o proceso”. Con isto reafírmase na idea da produción como conxunto e, en certa maneira, xustifica a súa estrutura como parte mesma da obra. O proceso ao que se refire Mouzo parte da súa propia experiencia, aí a orixe de todo, porque en cada elemento da creación o artista non fai senón referirse a si mesmo a través de todo aquilo que o rodea, achegando así a arte e a vida. É por iso que a obra está repleta de elementos pertencentes ao seu contorno que adquiren unha forte carga simbólica: Mouzo traballa a base de símbolos. Unha gran parte do protagonismo recae sobre o carácter físico da obra e o factor experimental en canto á técnica de elaboración, cunha gran compoñente artesanal, na que o artista presta especial importancia á escolla dos materiais, que na maioría dos casos elabora el mesmo. Traballa a encáustica, fabrica o óleo a base de pigmentos e aglutinantes naturais, así como a cera; o carbón, a base de madeira tsnada. O feito de abarcar todos os niveis de elaboración implica que o artista se apropie de todas as fases da creación, deixando o seu selo na totalidade da obra.

O mesmo ocorre co soporte, no que reutiliza materiais para facer que se converta nunha parte das pezas que, de súpeto, adquire un importante valor conceptual e estético. Aparece de novo a alquimia, en relación xa non só co discurso senón tamén co detalle. O soporte como parte da obra –como o será o marco– comeza a cobrar relevancia nas súas series de debuxos de 1983, *Máquinas*, onde reutiliza cartóns que recolle do bazar de Vimianzo. De aí, pasará a introducir outros elementos, como postais, xornais –as obras de *Melancolía activa*–, ou á elaboración de bases con restos de papel de recubrir as paredes –na serie *Obradoiros*–. Son elementos

pertencentes ao seu contorno, cos que introduce unha reflexión sobre a memoria e a transformación, que se traslada tamén do proceso á obra concreta.

Pronto terá a necesidade de transcender o espazo bidimensional, o que o levará primeiro a incorporar o marco como parte da obra, e logo a expandirse fóra del. Traballará a escultura e tamén a instalación, da que se converteu nun dos pioneiros no contexto galego. Interesouse tamén pola imaxe fotográfica e o vídeo, que pasarán a formar parte importante dos seus proxectos.

O tema que preside a obra de Mouzo é a natureza. Máis aló do sentido romántico, a súa actitude fronte ao mundo do que forma parte ten máis que ver cunha concepción oriental da relación que establece co contorno, na que non existe unha verdadeira diferenciación entre o suxeito que percibe e todo aquilo que o rodea, entre corpo e ambiente. Home e natureza convértense así nunha mesma unidade, na que, máis que o sublime, o que se manifesta é unha emoción ou o sentimento de pertencer a un mesmo momento estético que se expresa a través da representación da paisaxe, aportándolle unha actitude mística. Antón Mouzo estivo dende sempre interesado na filosofía zen: practicaba a meditación durante horas. A súa especial relación co contorno viuse tamén favorecida polo feito de que este non fose outro que a Costa da Morte, territorio de especial valor paisaxístico e con históricas atribucións simbólicas. A través da paisaxe o artista fala de si mesmo. Do mesmo xeito que o fará a través dos obxectos.

Mouzo manexa diferentes niveis de espazos a través dos que se expresa, dende a amplitude da natureza mesma até o corpo, pasando por Vimianzo, o bazar ou o propio estudio, que adquire un carácter case sagrado. O grao de intimidade do espazo utilizado depende sempre do que o artista nos queira mostrar. A paisaxe de Vimianzo coa constante presenza da montaña, o gusto polas arquitecturas pechadas –do que nos presenta un claro exemplo na obra *Templo de Adriano en Turquía*–, o contorno do bazar familiar ou a intimidade do seu estudio son constantes referencias ao seu mundo particular. Exprésase por medio dos espazos, calquera que sexa o nivel dende o que se aproxima.

A partir dun momento dado, cobrarán protagonismo os obxectos do bazar. Obxectos que, como esa caixa de ferramentas, posúen un interior oculto ou un espazo negativo, o que lle serve para xogar co contraste, para formular o paradoxo, para traballar cos contrarios. As cousas adquiren o carácter tamén de símbolo, e representan o límite que separa o dentro do fóra, establecéndose como a fronteira que o artista delimita á hora de desvelarse, deixando ver só o que quere que vexamos. Xoga coa orde, coa acumulación e a repetición, para presentárnolos de diferentes xeitos, destacando cada vez a característica concreta na que quere que centremos a nosa atención. A base destas operacións, Mouzo constrúe un mundo de símbolos aos que non temos acceso sen coñecer os referentes aos que aluden, que non son máis que unha transposición das relacións que estableceu con todo aquilo que o rodeaba. Ao atribuír ao espazo e ao obxecto características del mesmo, situase dalgunha maneira preto das formulacións do pop.

## Home, máquina e natureza

Mouzo comeza cedo a busca da súa propia linguaxe, que podemos dar por concretada nas primeiras creacións dos anos setenta. Nestas obras apréciase aínda un carácter de heteroxeneidade propio de quen, cun indubidábel talento para o debuxo, experimenta cos estilos tratando de pasalos pola criba da propia personalidade. Pinta cadros que el mesmo cualifica como dentro dun *pop-onírico*. Toma referencias directas de Hockney ou Bacon, do que era un grande admirador. A maneira de tratar o corpo, os planos que encadran as figuras, as arquitecturas, e incluso a cor, transforman a linguaxe do pop até acadar formulacións orixinais. As imaxes posúen nalgúns casos certa vontade de obxectividade e achega un carácter case fotográfico, que se contrapón a formulacións pictóricas máis achegadas á abstracción; Mouzo mesturaba as dúas tendencias, sen achar aínda por completo a fórmula da síntese perfecta. Estas creacións formarán o corpo da primeira exposición que realiza xunto ao seu amigo, Xosé Manuel Villanueva, na Aula de Cultura Lume da Coruña. A mostra, que tivo lugar no ano 1975, levaba por subtítulo *Unha achega á arte galega*. No díptico que se editou con motivo desta, os novos artistas redactan un pequeno manifesto lanzando preguntas sobre a existencia dunha plástica autóctona á vez que inciden na idea de achegar a arte á sociedade, nunha vontade que foi común a todas as iniciativas dos anos setenta e que xurdiron na súa maioría por parte dos propios artistas. Son as súas primeiras experiencias dentro do sistema da arte. Tras uns anos máis traballando no banco, pedirá unha excedencia; no 1980 abandona o seu posto definitivamente. É entón cando comeza a súa andaina como artista profesional afrontando o feito de que de aí en diante dedicaría a vida á súa vocación con todas as consecuencias. Esta decisión permitiulle centrar todos os seus esforzos na pintura, co que, pouco a pouco, afondou na busca do seu propio método de traballo até acadar a súa linguaxe persoal. No ano 1982 participou nunha mostra colectiva encadrada dentro do ciclo *A pintura galega hoxe*: unha serie de seis exposicións organizadas pola Comisión de Cultura do Concello da Coruña que tiveron lugar no palacio municipal da cidade. Era a primeira iniciativa salientábel por parte dunha institución no camiño cara a apoiar e dar a coñecer o contexto da creación no ámbito coruñés. O ciclo articulábase de maneira que, por primeira vez, se reunía a obra de artistas xa veteranos xunto a mozos que estaban comezando a traballar nese momento. Na derradeira das mostras que conformaron o ciclo amosáronse as obras dos novos, entre os que se atopaban Permuy, Xaime Tenreiro, Pedro Muíño, Juan de la Colina, Lamazares, Pepe Galán e Antón Mouzo.

A partir desa data podemos apreciar na pintura de Mouzo un xiro cara a unha plástica máis persoal. No 1983 comeza a traballar na súa serie *Máquinas*, elaborada a partir de cartóns que obtiña das embalaxes do bazar familiar. Nestas obras aparecen mecanismos que, pouco a pouco, se van naturalizando, adquirindo un carácter orgánico, e nas que comezan a aparecer figuras humanas, para conformar unha temática que máis tarde vai trasladar ao gran formato con *Home, cabra e máquina de facer vento*, xa en 1984. O carácter ríxido das primeiras obras foi dando paso a unha xestualidade cada vez máis libre, cambia a paleta a negros e terras que contrastan coa viveza e agresividade das cores anteriores. As citas ao pop mudan por unha referencia á linguaxe das vangardas.

## A importancia do bosquexo

Mouzo pasou unha temporada vivindo en Madrid a principios da década dos oitenta. Alí, un ano despois de comezar a súa serie *Máquinas*, será un dos quince integrantes do primeiro obradoiro de arte actual celebrado no Círculo de Belas Artes. Estes obradoiros representaron unha iniciativa de ensinanza non regulada fóra do ámbito académico, dirixidos por artistas xa consagrados que convivían durante unhas semanas con mozos que, a través destas experiencias, darían forma súa propia maneira de traballar. Este primeiro foi impartido por Luis Gordillo, e continuarían da man doutros como Antonio López, Ràfols Casamada, Juan Navarro Baldeweg ou José Guerrero. Alí Mouzo descubriu moitas cousas sobre a súa propia arte –esa era a intención do obradoiro, onde os participantes foron seleccionados a través da súa obra–, á vez que estableceu con Gordillo unha profunda amizade que o acabaría traendo até a Costa da Morte.

O cambio na pintura faise visíbel. Quizais o avance máis importante, como el mesmo declara, foi o feito de descubrir a importancia que o bosquexo ten no seu proceso creativo: a espontaneidade que lle gustaría trasladar ao lenzo. E consígueo; pouco a pouco podemos observar como, nunha evolución que se intúe xa na serie de máquinas, Mouzo abandona por completo as características plásticas da obra anterior para, pouco a pouco, dar paso ao xestualismo, a través dun trazo que se converte case en grafismo. Tras esta experiencia, ademais de centos de bosquexos, comeza a elaborar obra de gran formato, deixándose influír, como toda a súa xeración, polas tendencias do neoexpresionismo alemán. O sistema simbólico que nacera coas máquinas vólvese máis rico e comezan a aparecer obxectos e escenas que se converten case nunha obsesión. Representa personaxes que pasan a formar parte da paisaxe que, pola súa vez, ten como protagonista a montaña –símbolo sagrado, referente de Vimianzo– e a antena, que se pode identificar con ese repetidor instalado no cumio do Monte Sangué. Ambas –montaña e antena–, repetidas até a saciedade, interpretadas de mil maneiras e con diferentes medios, aparecerán e desaparecerán nas súas obras até a morte do artista. Home, máquina e natureza unha vez máis. A verticalidade destes dous elementos –outra vez montaña e antena– contrasta coa disposición das figuras, sempre recostadas, como as personificacións dos ríos, semellantes a esculturas clásicas. Cada vez o carácter do bosquexo está máis presente, e evidencia ese carácter espontáneo, xestual. Nas paisaxes extemporáneas aparecen símbolos, e tamén elementos abstractos, zonas puramente pictóricas, conseguindo agora esa síntese entre figuración e abstracción que, dende o primeiro momento, declarou que posuía a súa obra, nunha busca constante da orixinalidade na expresión. Como exemplo significativo referirémonos á obra que presentou na VI Bienal de Pontevedra, titulada *Visión extemporánea do Monte Sangué* (1984). A paisaxe aparece como recreación dun mundo íntimo no que se mesturan elementos do contorno no que se criou con outros procedentes da súa imaxinación, para recrear un espazo propio no que o autor afonda na expresión de si mesmo.



## A superación do espazo pictórico

A vontade de experimentación levouno a que pronto o lenzo se convertese en insuficiente. O marco, á vez que delimita a obra como obxecto acabado, representa un límite para a súa expresión. Estas preocupacións respecto do espazo pictórico formalizaranse en dúas obras que o artista presenta na mostra *Contactos*, no Kiosko Alfonso da Coruña no ano 1987. Esta exposición, organizada pola Sociedade Fotográfica en colaboración coa Galería GrupOrzán, organizouse como un encontro entre pintores e fotógrafos que reunía creadores como Vari Carmés, Xulio Correa, Juan de la Colina ou Xurxo Gómez Chao. As propostas presentadas, tanto por parte dos pintores coma dos fotógrafos, retomaban o clásico debate da historia da arte sobre o xogo entre a representación pictórica e a fotográfica.

Unha das obras de Mouzo é unha pintura do *Pazo de Trapariz* en Vimianzo. A pintura reproduce a imaxe dunha postal que se atopa materialmente formando parte da obra, tanto do soporte coma do mesmo marco. Neste cadro, a partir da imaxe da postal, o artista xoga coa repetición e coa ocultación dunha imaxe preexistente que se transforma por medio do xogo cos diferentes tipos de representación. Deste xeito investiga nos límites da pintura a través dun elemento externo –o que lle proporciona carácter simbólico–, cambiando o seu significado. Será tamén un paso máis na técnica cara á progresiva importancia que vai adquirindo o soporte nas súas obras. Se no *Pazo de Trapariz* a pintura invade o marco, na seguinte obra o límite queda superado. A segunda peza que presentará en *Contactos* titúlase *Natureza morta con flores semprevivas*, o seu primeiro paso cara ao terreo da instalación. A obra componse dunha fotografía enmarcada, fronte á que se dispón unha vitrina na que, sobre a mesma imaxe repetida, coloca ramiños de flores secas, semprevivas. A fotografía representa a imaxe dunha xerra do bazar, e os seus fragmentos atópanse no marco, reivindicando a presenza do real dentro da obra. O obxecto presenta de novo a característica de ser un recipiente, un contedor, ter un interior oculto, ese espazo negativo que Mouzo volve insinuar xogando co contraste entre cheo e baleiro. A partir de aquí continuará na liña de proxectos dentro da instalación, e, na Bienal de Pontevedra de 1988, Antón Mouzo participará cunha das poucas pezas que se realizaron na Galiza desa década no terreo da videoinstalación: *A montaña disoluta*. A obra será exposta posteriormente no Hospital da Caridade de Ferrol e, o pasado 2008, na mostra *Ficcións analóxicas. O vídeo na Galiza dos oitenta*, unha revisión dos comezos da videoarte galega que tivo lugar no CGAC na que se incluían as poucas experimentacións con vídeo no espazo daquel momento. Composta por un cadro e unha proxección do mesmo tema que presenta a imaxe en movemento –a montaña en proceso de disolución–, Mouzo afonda no xogo coa representación, con dúas maneiras de encarar a imaxe enfrontando a pintura ao medio audiovisual. Utiliza o seu símbolo máis característico nun dos primeiros exemplos do uso da mica, mineral que pasará a ser protagonista dos seus lenzos en épocas posteriores. Máis tarde, en torno á *Montaña disoluta* e ao bazar familiar, Mouzo proxecta unha exposición enteira que non se chegará a realizar e que quedará nos seus apuntamentos, xunto a outros proxectos, á espera de ser retomados. A súa vontade era a de converter a sala mesmo nun bazar, no seu espazo persoal; alí presentaríase esta obra xunto co

proyecto do *Bazar Mouzo*, con pezas escultóricas compostas a base de elementos do bazar, como as letras do cartel luminoso da entrada ou un anuncio de colchóns. A súa intención era trasladar o negocio á sala de exposicións, colocando nela un mostrador con reproducións das súas obras á venda nunha vontade de achegarse ao público, de facelo partícipe do mundo que recrea. Non chegou a levarse a cabo, e no seu lugar tomaron forma nunha serie de cadros nos que representa a materialización do proxecto, dando un paso máis na reflexión sobre si mesmo, esta vez dende a vontade de amosar a súa obra da maneira en que se nos quería mostrar.

## Vimianzo

O 1988 supuxo un momento de extraordinaria actividade creativa. Foi o ano no que o artista viaxou por primeira vez a Alemaña, e tamén a data da morte do seu pai. Ao ano seguinte Mouzo trasladará o seu obradoiro a Vimianzo, establecéndose no antigo almacén familiar, onde pasará arredor de cinco anos experimentando, na soidade do estudio e en contacto coa paisaxe da súa vila natal, preto da Costa da Morte. Traballa pechado en si mesmo, creando, elaborando cada detalle e cada un dos materiais que compoñían os seus lenzos, facendo experimentos de instalacións a base da delimitación de planos e a presentación de obxectos que el mesmo dispoñía e fotografaba no espazo do taller, e que non chegarían a saír de alí. Son estes anos nos que realiza a súa serie *Cartas ao pai*, pinturas elaboradas sobre os libros de contas onde se apuntaban relixiosamente as entradas e saídas do tabaco que se distribuía dende o bazar. Recuperando outra vez materiais da memoria, Mouzo enche as follas coa repetición obsesiva de elementos da súa iconografía formando debuxos construídos a base de simetrías, ocultando as series de números e dando un novo sentido ás súas páxinas. En Vimianzo, segue coa súa liña de experimentación no soporte e comeza a fabricar a base das súas pinturas con papeis reutilizados de restos obtidos dos recubrimentos das paredes das casas. Tras a súa segunda viaxe a Alemaña, esta vía intensificárase e resultará unha das súas series máis coñecidas. No 1991 permaneceu no país unha pequena temporada, na que visitou as cidades de Würzburg, Postdam e Berlín, coincidindo coa caída do muro. De volta en Vimianzo, comeza a realizar unha serie de debuxos a base de carbón e xeso sobre papel fabricado con vellos xornais que aglutinaba con engrudo. Pinta coa luz e debuxa coa sombra, aparecen outra vez os contrarios, os opostos, e as letras impresas déixanse á vista pasando a formar parte do motivo representado, nunha operación que se pode relacionar coas estratexias do cubismo sintético. Os *obxectos* e a paisaxe volven ser os protagonistas. Desta serie merece a nosa atención, tanto polo formato coma polo seu carácter de manifesto, unha obra que representa o escaparate do bazar: acumulación de obxectos ordenados, clasificados, dispostos ante o espectador a través dun cristal, seguindo na liña da representación de si mesmo a través de elementos do seu contorno. Co título de *Melancolía activa*, esta serie de traballos será exposta no 1991 na Galería Sargadelos de Compostela, dende a que máis tarde viaxarán á que será a súa única exposición na vila natal, no castelo de Vimianzo. Os cadros terán máis tarde un papel protagonista no filme *Fisterra*, rodado polo seu amigo Xavier Villaverde e estreado no ano 1998. Na longametraxe aparece tamén unha das obras máis

elaboradas do artista, o *Cadro das mil flores*, proxectada no maior formato ao que se enfronta e realizada a base de inxentes cantidades do óleo que el mesmo fabricaba. Levoulle cerca dun ano rematar o cadro, que representa un xardín visto dende a perspectiva de alguén que o mira dende arriba, como voando. A natureza convértese en xardín e pasa do terreo da alusión a ser un referente directo nun proceso que culminará coas súas series de bosques. Durante a década dos noventa seguiu investigando nas técnicas e nos temas a través de pequenas obras. Será o momento no que a imaxe do bosque apareza por primeira vez, a partir dun cadro realizado *a prima*, unha desas obras que ao principio poderían pasar case desapercibidas e que máis tarde serán o eixe central dun discurso que marcará a súa produción durante varios anos. Achégase á abstracción pura mediante a elaboración de colaxes, de fragmentos de tea ou de papel, da introdución de materia –area, pedra–, dando os primeiros pasos cara á simplificación do tema, que semella comezar a desaparecer. Nestes anos traballa tamén a escultura. As obras que Mouzo realizou móvense, coma sempre, nos límites entre diferentes discursos artísticos, abarcando dende a concepción de monumento nos *Nadadores* que proxectou para a ría do Burgo, até a peza conceptual ou o traballo de artesanía. Esta última idea é a que está presente nas súas *Botas de buxo*, unha reprodución exacta das botas que o pai calzaba para subir ao monte. Preto do *ready made* están dúas das obras que se presentan nesta mostra: a *Caixa africana* e a *Caixa Duchamp*, coa que estivo seleccionado para o Premio Pablo Gargallo no ano 1991. As dúas obras son cofres nos que se gardan outros obxectos; na *Caixa Africana*, pequenas pezas de arxila de diferentes tamaños e cores, na *Duchamp*, elementos metálicos construídos a base de soportes de zapatos, materiais encontrados e traballados até acadar unha forma determinada. As referencias á antena, e á montaña, reaparecen mediante unha formulación completamente diferente, esta vez ocultas no espazo da caixa. No 1994 tivo unha exposición individual na Galería Atlántica da Coruña, con obras elaboradas mediante diferentes técnicas baseadas na cera. Como sempre, Mouzo elabora cada compoñente da obra controlando o proceso de purificación da cera virxe e a mestura co pigmento, apropiándose da totalidade do proceso artístico, facendo cada peza completamente súa. Realiza dende pequenos debuxos case abstractos a obras de gran formato nas que volven aparecer os seus motivos recorrentes. Nunha delas xorde con forza o tema do bosque. É unha obra que destaca pola súa calidade cromática, que o artista elabora mediante a técnica da encáustica. A encáustica usábase na Antigüidade e estivo en desuso durante séculos até que na modernidade adquiriu nova vixencia da man de artistas como Jasper Johns, que a dotaron dun novo sentido dentro do discurso pop ou do expresionismo abstracto.

## O bosque

O tema do bosque irá pouco a pouco gañando en importancia até converterse na imaxe principal das súas obras. Quizais a exposición máis emblemática de Mouzo sexa a que tivo lugar na Casa da Parra no 1994: *Cos pés na terra*. O título é significativo se atendemos á obra presentada. As pezas reunidas teñen como característica o feito de estar construídas a base de mica e outros elementos encontrados, recollidos nos

seus paseos polos montes de Vimianzo. Esta incorporación ao cadro de elementos da natureza é unha derivación lóxica das formulacións do artista: como nunha colaxe cubista onde o xornal pintado pasa a ser colaxe, a natureza transcende o nivel da metáfora para formar parte activa da obra. A identificación entre a cousa e a representación é completa. Mouzo descubriu unha veta de mica da que era posíbel extraer pezas de diferentes tamaños. Lavaba o mineral, clasificábao segundo a forma e dispoñíao no seu taller en pezas de louza alemana ao longo do corredor, polo chan. Así pintaría máis tarde o obradoiro da Palloza, que, coma o cuarto no que se atopaba a caixa de ferramentas, semellaba tamén unha das súas instalacións. O achegamento ao sentir dos simbolistas, aos que fai constantes referencias nas súas ceras dos anos noventa, faise máis que literal cando, ao lado da súa extensa serie de árbores, observamos o *Bosque de álamos* de Gustav Klimt. A Mouzo non lle gustaban as comparacións, e, de feito, o referente case se dilúe a base de repetición. Os bosques son tan espesos que tamén se fai complicado deixar de pensar outra vez na ocultación. Están deshabitados, en todos eles só aparece, nunha ocasión, un habitante, o pequeno animalíño que habita *Paxaro engaiolado*. Elaborou as súas árbores con multitude de técnicas, micas, óleos, madeira e até fuel do *Prestige*, o tema volve converterse case nun pretexto até chegar a imaxes completamente abstractas. Os chans de mica, con follas de lata, inciden na idea do *Cadro das mil flores*, no xardín observado dende o ar. As follas tamén abandonan o cadro para ocupar o espazo da exposición dando forma a outra das súas instalacións, cunha linguaxe moito máis depurada. Esta serie terá a súa etapa barroca, preciosista, que toma forma en multitude de cadros de pequeno formato, brillantes, construídos con micas, pedras e po de vidro, pequenas xoias que formaban parte tamén da instalación na que convertera o seu taller da rúa da Palloza. Culminando a década dos noventa, presenta unha instalación na igrexa de Bonaval no marco da mostra *Diálogos co silencio* (2000), unha peza pensada para o espazo concreto da igrexa; en *Vanitas* sintetiza moitos dos elementos recorrentes das etapas anteriores. A instalación está formada por un libro coas tapas de mica, suspendido no espazo, que ten en cada unha das follas unha pintura. Ao redor, metros cadrados de espello que o reflicten multiplicando a súa imaxe, e, coroando a composición, unha caveira e un gran pano feito de papel artesán. Toda unha declaración de intencións que, con ese carácter de natureza morta, lle dá outra volta á súa idea do efémero.

### A volta ao interior

Que lle gustaría ser moitos homes xa o afirmou nalgunha ocasión. E preséntanos outro xiro, esta vez recuperando a colaxe e dándolle ao tema e ao soporte unha volta máis, cunha linguaxe máis sutil, máis depurada. Presenta en Pontevedra unha das súas últimas series de acuarelas: *Obradoiros*. Nunha visión retrospectiva sobre a súa traxectoria creativa, elaborados sobre o papel que cubría as paredes, Mouzo pinta, dende o primeiro até o último –o da Palloza– cada un dos lugares nos que instalou o seu taller. A pintura vólvese así *naif*, ás veces presenta a delicadeza das veladuras. Todo para falar, unha vez máis, da súa intimidade. Os obradoiros están case baleiros, só parecen ocupados polos seus propios lenzos que, a maioría das veces,

se representan dados a volta, ocultando outra vez partes de si mesmo. Exprésase esta vez por medio da poética destes espazos, nos que as pequenas variacións de tratamento pictórico de seguro que refiren as distintas experiencias e estados creativos experimentados no seu interior.

No momento da súa morte, Mouzo atopábase traballando nunha serie de árbores nas que a imaxe aparece pixelada, como se dende un formato dixital se aumentase de tamaño até perder a súa definición. Ollando de preto, no cadro só se distingue unha construción sobre a base de pequenos elementos xeométricos que forman unha imaxe abstracta. Este era o camiño, achegándose á depuración das formas, á introdución da xeometría, á pura abstracción.

Os proxectos que tiña en mente centrábanse nesta característica da imaxe, experimentando coa reprodución de personaxes secundarios que aparecen en segundo plano nas fotografías e aumentando as súas dimensións até convertelos nunha abstracción. Unha maneira de prestarlle atención ao secundario, de desvelar o que a primeira vista está oculto, e un paso máis no traballo coa imaxe fotográfica.

A formulación destes últimos proxectos fala dunha fin violenta na súa carreira. Meses antes da súa morte, Mouzo comezara a clasificar a súa propia obra, a ordenar o traballo, a dar forma ao percorrido da súa evolución a partir do anterior. Tentaba clarificar, sintetizar, para dalgunha maneira aclarar o camiño que o levaría ao que sen dúbida prometía ser unha nova etapa de madurez na súa obra.

## **Bibliografía**

- 2004 Casino Atlántico. A Coruña.
- 2001 Caja Madrid. Pontevedra.
- 1999 Casa da Parra. Santiago de Compostela.
- 1995 Galería Café de Macondo. A Coruña.
- 1994 Galería Atlántica. A Coruña.
- 1994 Galería Abel Lepina. Vigo.
- 1993 Galería Pub Modus Vivendi. Santiago de Compostela.
- 1993 Castelo Torres de Martelo. Vimianzo.
- 1992 Galería Sargadelos. Santiago de Compostela.
- 1988 Galería Pub O Patacón. A Coruña.
- 1987 Galería Gruporzán. A Coruña.
- 1986 Galería Abel Lepina. Vigo.
- 1984 Galería Finisterrae. A Coruña.
- 1982 Galería Ábside. A Coruña.
- 1976 Aula de Cultura Lume. A Coruña.

## Exposicións colectivas

- 2004 *Quinto Salón de Outono de Pintura*. Fundación Caixa Galicia. A Coruña.
- 2003 *Botella ao Mar*. Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela.
- 2002 ARTVG. Santiago de Compostela.
- 2001 *VII Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo*. Itinerante por Galiza.
- 2000 *Diálogos co Silencio*. Instalación: *Vanitas*. San Domingos de Bonaval. Santiago de Compostela.
- Memoria e Vanguarda*. Instituto Español. Nova York (EUA).
- Memoria e Vanguarda*. Axencia Española de Cooperación Internacional. Miami, Florida (EUA).
- III Exposición Arte e Solidariedade*. Itinerante por Galiza.
- 1999 *Memoria e Vanguarda*. Fundación Santillana. Bogotá (Colombia).
- Memoria e Vanguarda*. Fundación Provincial. Caracas (Venezuela).
- Memoria e Vanguarda*. Espazos do AECL. San Salvador (República do Salvador).
- Memoria e Vanguarda*. Museo de Arte Moderna de Santo Domingo. República Dominicana.
- 1998 *Memoria e Vanguarda*. Espazos do BBV. San Xoán de Porto Rico.
- V Certame Isaac Díaz Pardo*. Itinerante.
- Tempo de Flamenco*. Santiago de Compostela.
- Mostra de Creación Plástica da Costa da Morte*. Cabana de Bergantiños.
- 1997 *A Arte Galega na Colección Caixavigo*, Estación Marítima. A Coruña.
- Artistas Plásticos da Costa da Morte*. AC Monte Branco. O Couto, Ponteceso
- 1996 *Puxando o Ar*. Noroeste. Santiago de Compostela.
- 1993 *Trazos e Camiños*. Itinerante por Galiza.
- 1992 *Exposición Seleccionados VI Premio de Escultura Pablo Gargallo*. Palacio de La Aljafería. Zaragoza.
- 60 Imaxes dunha Colección*. Xunta de Galicia. San Martiño Pinario. Santiago de Compostela. Casa de Galicia, Madrid.
- 1991 *Amnistía Internacional*. Casa da Cultura Salvador de Madariaga. A Coruña.
- Rostro do Tempo*. Casa da Historia e das Artes. Vigo.
- Mail.Art*. Exposición *Bicicletas (Erakusketa-Bizikleta)*. Eibar, Guipúscoa.
- 1990 *Revisión dunha Década*. Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela. Casa das Artes e da Historia. Vigo.
- Colectiva Galería Obelisco*. A Coruña.
- 1989 *1º Mostra Unión Fenosa*. Sala Municipal Estación Marítima. A Coruña.
- 8 Artistas*. Espazo Molière. Agde (Francia).
- 1º Certame Isaac Díaz Pardo*. Deputación da Coruña. A Coruña.
- Papeis da Cidade. Carpeta de Gravados*. Edita CEGRAC/Deputación da Coruña.
- 1988 *A Montaña Disoluta*. Instalación para a IX Bienal Internacional de Pontevedra.
- Mencer*. Estación Marítima. A Coruña.
- Amnistía Internacional*. Sala Municipal Estación Marítima. A Coruña.
- 1º Certame de Pintura Concello de Carballo*, Carballo, A Coruña.

1987 *Contactos. Pintores & Fotógrafos*, Palacio Municipal Kiosco Alfonso. A Coruña.  
*Expreso do Norte*. Galería Pequeno Formato. Lisboa.  
*A Coruña Vaya Valla*. UIMP. Xardíns de Méndez Núñez. A Coruña.  
*Desdeño Industrial*. UIMP. Sala Durán Loriga. A Coruña.  
1986 1990 *Bolsas e Adquisicións*. Kiosco Alfonso, A Coruña. Casa da Parra, Santiago. Ateneo de Ferrol, Ferrol. Centro Cultural García Barbón, Vigo.  
*Forzas Atroces do Noroeste*. UIMP. Palacio de La Magdalena. Santander.  
*Mar a Mar*. Galería Colectivo Palmo. Málaga.  
*Mar Aberto*. Lorient (Francia).  
1985 *Alternativas 80 (Artistas Galegos na Fronteira)*, Salvaterra do Miño.  
*Cara ao Futuro*, Centro Cultural Cidade de Vigo. Vigo  
*Tempos de Pintura*. Itinerante por Galiza.  
1984 *Colectiva dos Talleres de Arte Actual*. Círculo de Belas Artes. Madrid.  
*VI Bienal Internacional de Arte*. Pontevedra.  
1983 *A Pintura Galega Hoxe*. Concello da Coruña.  
*O seu Disco Favorito*. Itinerante por España.  
1982 *Homenaxe a Pablo Picasso*. Delegación do Ministerio de Cultura. A Coruña.

#### **Bolsas e premios:**

1988 2º Premio en Deseño Gráfico do Logotipo e Sinalización do Campus Universitario de Santiago.  
1988 1º Premio de Pintura do Concello de Carballo. A Coruña.  
1985 Bolsa da Xunta de Galicia.

#### **Cursos:**

2006 Curso de Serigrafía, Gráfica 2006, Fundación CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea). Betanzos, A Coruña.  
Curso de Fotopolímeros, Gráfica 2006, Fundación CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea). Betanzos, A Coruña.  
1994 A Xestión das Artes Plásticas. Universidade de Vigo (cursos de verán).  
1987 Taller de Serigrafía, organizado polo Gruporzán e subvencionado pola UIMP.  
1984 Talleres de Arte Actual no Círculo de Belas Artes de Madrid.

#### **Obra en:**

Biblioteca Nacional.(Obra gráfica). Madrid.  
Universidade de Santiago de Compostela.  
Colección Xunta de Galicia.  
Museo de Belas Artes da Coruña.  
Banco Exterior de España.  
Excma. Deputación da Coruña.

Casa de Cultura de Eibar, Guipúscoa.  
Carlos Maside. O Castro-Sada.  
Concello de Carballo. A Coruña.  
Colección Caixa Nova. Vigo.  
Consortio de Santiago. Santiago de Compostela.  
Centro de Saúde Pública da Seguridade Social en Cedeira.  
Colexios públicos de Muxía, Zas, Corme e Lanzá (A Coruña).

### **Publicacións e ilustracións:**

Ilustracións para o libro *Costa da Morte blues*, de Manuel Rivas. Edicións Xerais de Galicia.  
Ilustración para “A lúa gris de Xan Cidadán”, de Miguel Anxo Fernán-Vello. *A Nosa Terra*, do 3 ao 9 de decembro de 1981.  
Ilustración para “A Florvenusta”, de Miguel Anxo Fernán-Vello. *A Nosa Terra*, do 4 ao 10 de marzo de 1983.  
Portada para *A Lición*, de Eugène Ionesco, tradución de F. Pillado Mayor, Cadernos da Escola Dramática Galega, núm. 87, xaneiro 1991.  
Ilustración para “Mar da Costa da Morte”, de Rafael Lema. *Bravú*, núm. 4, 1997  
Ilustración para “Poemas de Xesús Pisón”. *Luzes de Galiza*, núm. 1, novembro 1985.  
Ilustración para “Muxía: a cidade do mar no país do vento”, de Rivadulla Corcón. *Luzes de Galiza*, núm. 10/11, primavera 1988.  
Ilustracións para “Paisaxes naturais e paisaxes culturais”, de Roxelio Pérez Moreira; “O Xestal” e “O home a quen o mar chamou á porta da súa casa”, de Manuel Rivas; “Poetas da Costa da Morte”. *Luzes de Galiza*, núm. 19/20, verán 1992.  
Ilustración para “Lascas”, de Luís Rei Núñez. *Escrita*, núm. 6, verán 1985.  
Portada e ilustracións para o libro *Imán Fisterra*, de Luís Rei Núñez. Ir Indo (Narrativa).  
Asesoramento artístico e achega de cadros e esculturas para a película *Fisterra*, de Xavier Villaverde.  
Publicación na enciclopedia de Galicia de Hércules Ediciones, SA. A Coruña.  
Portadas para os libros de poesía *Setembro Stradivarius* e *Epicentro*, de Manuel Álvarez Torneiro. Tambo. Excm. Deputación de Pontevedra.  
Ilustración para “Cando chorou Charo”, de Manuel Rivas, en *Relatos e debuxos de verán, O Correo Galego*, 21-7-1997.  
Ilustracións para “Catedral virtual”, de Antón Reixa, *Voces de Compostela*, núm. 19. Consorcio de Santiago, 1993.  
Ilustración para *Os faros da Costa da Morte*, de Xosé M<sup>o</sup> Lema Suárez e Manuel Vilar Álvarez, 2001.  
Maquetación da *Guía de Servizos Sociais* para a Xunta de Galicia, Santiago.  
Catálogo *Desdeño Industrial*, UIMP, 23-07 ao 16-08-1987, Sala Durán Loriga, A Coruña.  
Catálogo *Mail.Art Eibar 91*, Eibar (Guipúscoa).  
Deseño de etiquetas para viños e licores de Lorenzo Bescansa. Betanzos, A Coruña.  
Contraportada da revista *Nunca Máis*, Muxía, nov. 2002-nov. 2003.



Ilustración para "Arte a cachón: a estela creativa do fuel oil". *Cooltura Galicia*, núm. 1, xullo-agosto 2003.

Portada e ilustracións para o libro de poemas *Alaridos*, de Lino Braxe, 2006. Colección de poesía Miguel González Garcés. Publicacións Deputación da Coruña.

Díptico da exposición de J. M. Villanueva e A. Mouzo na galería Lume, do 18-06 ao 6-07 de 1976 na Coruña.

Postal e cartel para a exposición na galería Ábside, do 14-10 ao 3-11-1982 na Coruña.

Portada para un disco de Alban Berg, exposición *Su Disco Favorito*, itinerante por España, 1983.

Catálogo *VI Bienal Internacional de Arte*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, agosto 1984.

Tríptico para a exposición na galería Finisterrae, do 10 ao 26-11-1984 na Coruña.

Catálogo para a exposición *Cara ao Futuro*, Centro Cultural Cidade de Vigo, do 15 ao 31-07-1985.

Catálogo para a exposición *Mar Aberto*, XV Festival Intercéltico de Lòrien.

Catálogo para a exposición *Tempos de Pintura*, 1985, itinerante por Galiza.

Díptico e cartel para a exposición na galería Abel Lepina, do 10 ao 24-06-1986 en Vigo.

Catálogo para as semanas *Forzas Atroces do Noroeste e Galicia chove sobre mollado*, UIMP. Palacio de la Magdalena, Santander, 11 ao 18-08-1986.

Catálogo para a exposición *1990, Becas e Adquisicións*, 1986, itinerante por Galiza.

Catálogo para a exposición *A Coruña Vaya Valla*, UIMP, Xardíns de Méndez Núñez, A Coruña, 1987.

Tríptico para a exposición na galería Gruporzán, A Coruña, 1987.

Catálogo para a exposición *Contactos, Pintores & Fotógrafos*, Palacio Municipal Kiosco Alfonso, A Coruña, 1987.

Díptico para a exposición *Expreso do Norte*, galería Pequeño Formato, Lisboa, abril 1987.

Díptico para a exposición *Amnistía Internacional*, Sala Municipal de Exposicións Estación Marítima, do 3 ao 10-12-1988 na Coruña.

Catálogo para a exposición *Mencer*, sala municipal de exposicións Estación Marítima, A Coruña, outubro, 1988.

Catálogo para a exposición *VIII Bienal Internacional de Arte de Pontevedra*. Pontevedra, agosto, 1988.

*Papeis da Cidade. Carpeta de Gravados*. Edita CEGRAC/Deputación da Coruña, 1989.

Catálogo *8 Artistas da Coruña*, espazo Molière, Agde (Francia), 1989.

Catálogo *1º Mostra Unión Fenosa*, A Coruña, 1989.

Catálogo *Revisión dunha Década*, Auditorio de Galicia, Santiago. Casa das Artes e da Historia, Vigo, 1990.

"Galegos: quen é quen na Galiza dos 90", *El Correo Gallego*, Santiago.

"Galegos: quen é quen na Galiza do século XXI", *El Correo Gallego*, Santiago.

Catálogo e CD-ROM *Galicia Terra Única (Galicia, 1900-1990)*, Ferrol, A Coruña.

Catálogo e díptico para a exposición *O Rostro do Tempo*, Casa das Artes e da Historia, Vigo, setembro, 1991.

Catálogo *Colección de Arte da Xunta de Galicia, 1986-1993*, Xunta de Galicia, 1995.

Catálogo *VI Premio de Escultura Pablo Gargallo*, Palacio de La Aljafería, Zaragoza, 1992.

Catálogo *Trazos e Camiños*, Xunta de Galicia, 1993.

Postal para a exposición *Galería Sargadelos*, Santiago, 1992.

Tarxeta invitación para *60 Imaxes dunha Colección*, Mosteiro San Martiño Pinario, Santiago, 1992.

Postal e tarxeta invitación para a exposición de A. Mouzo, Castelo Torres de Martelo, Vimianzo, A Coruña, 1993.

Catálogo *Galería Atlántica*, A Coruña, 1994.

Catálogo *Doazóns de Obra Gráfica á Biblioteca Nacional*, Biblioteca Nacional, Madrid, 1994.

Tarxeta invitación para a exposición *Galería Abel Lepina*, do 11 ao 30-03-1994, Vigo.

Tarxeta postal para a exposición *Instalases*, Palacio Municipal de Exposicións Kiosco Alfonso, A Coruña.

Tarxeta invitación para a exposición *Puxando o Ar*, Galería Noroeste, Santiago, 1996.

Catálogo para a exposición *Colección Caixavigo (séculos XIX e XX)*, 1997; catálogo tomo 3º *Colección Caixavigo*, 1995.

Catálogo *V Certame Isaac Díaz Pardo*, Deputación da Coruña, 1998.

Cartelas para a película *Fisterra (Onde termina o mundo)*, de Xavier Villaverde, 1988.

Catálogo, tríptico e tarxeta invitación para a exposición A. Mouzo (*Cos pés na terra*), sala de exposicións Casa da Parra, Santiago, 1999.

Catálogo para a exposición *Memoria e Vanguarda*, itinerante por Latinoamérica e EUA, 1998 ao 2000.

Catálogo *III Exposición Arte e Solidariedade*, Proxecto Home, 2000, itinerante por Galiza.

Revista *El Cultural de Exteriores*, Ministerio de Asuntos Exteriores, xuño 2000, núm. 2.

Catálogo e díptico da exposición *Diálogos co Silencio*, San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela, 2000.

Catálogo para a exposición *VII Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo*, Deputación da Coruña, A Coruña, 2001.

Catálogo e cartel da exposición *Obradoiros* (A. Mouzo), Caja Madrid, Pontevedra, 2001.

Catálogo *ARTVG*, Santiago de Compostela, 2001.

Guías Culturais *Artistas de Galicia*, Xunta de Galicia, 2003.

Catálogo para a exposición *Botella ao Mar*, AGAV, 2003.

Catálogo para a exposición *Quinto Salón de Outono de Pintura*, A Coruña, 2004.